



**MARTES 01**

20.30 H  
SALA MOZART  
AUDITORIO DE GALICIA

**SOLO DE ARPA**

CRISTINA MONTES MATEO  
ARPA

#### PROGRAMA

M<sup>a</sup> Luisa Ozaíta (1939-2017)

Laura Vega (1978)

Mercedes Zavala (1963)

Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Hernández (1963)

Iluminada Pérez Frutos (1972)

Marisa Manchado (1956)

Carmen Fernández Vidal (1970)

Consuelo Díez (1958)

Claudia Montero (1962-2021)

Fantasia y Recuerdos (2011)

Más allá de la noche que me cubre... (2011)

Dos haikus. Nieve sobre nieve e Incesante nieve (2005)

Luzeulo

Sobre el tapiz del arpa (2011)

Siete piezas para Ángela (2007)

Brume Grisaótre (2011)

Ser y tiempo (2011)

Evocaciones (2010)

Este concerto está integrado por obras do Taller de Mujeres Compositoras del Festival de Música Española de Cádiz, música orixinal para arpa sola de nove compositoras españolas que teñen conquistado o panorama da música contemporánea actual. O programa ábrese e péchase coa homenaxe a dúas delas que lamentablemente nos deixaron nos últimos anos: Marisa Ozaíta, pioneira e fundadora da Asociación de Mujeres en la Música e Claudia Montero, gañadora de catro premios Grammy Latinos, arxentina de nacemento e española desde hai máis de 20 anos (inesperadamente falecida o pasado xaneiro) cuxa obra *Evocacións* suxire as lembranzas de tres momentos, tres lugares de Bos Aires, a cidade natal da compositora. Inclúense obras da canaria Laura Vega, as madrileñas Mercedes Zavala sobre haikus de Santôka e Hashin, Marisa Manchado dedicada a Ángela Carazo del Hoyo, no seu sexto aniversario e Consuelo Díez; a extremeña Iluminada Pérez Frutos que presenta en *Sobre el tapiz del arpa*, paisaxes de ambiente impresionista baixo un perfecto acompañamento da harmonía e unha melodía con clara influencia da música folclórica española e as baleares Rosa María Rodríguez e Carme Fernández Vidal. Todas as obras foron estreadas por Cristina Montes Mateo no Festival de Música española de Cádiz en 2011, gravándose posteriormente tamén no álbum «Obras para Arpa» publicado pola colección *Documentos Sonoros del Patrimonio Musical de Andalucía*.

## CRISTINA MONTES MATEO

Obtivo o 1º Premio por unanimidade do Torneo Internazionale di Musica en Roma, e o 1o Premio no 32º Concorso Internazionale di Arpa Premio Valentino Bucchi. Gañadora tamén dos prestixiosos concursos Arpa plus (2001), Juventudes Musicales (2003), Concurso Internacional Arpista Ludovico (2005), International Nippon Harp Contest (Tokyo, 2007) e Concours International Lily Laskine (París, 2011), é a primeira arpista que logra todos estes galardóns, erixíndose nunha das máis importantes da súa xeración.

Ten traballado con Z. Mehta, V. Gergiev e R. Chailly, P. Boulez, Sir Colin Davis, B. Haitink ou G. Dudamel, entre outros. Foi arpista solista da Orquestra de la Comunitat Valenciana del Palau de Les Arts Reina Sofía de Valencia, da Münchner Philharmoniker, Royal Liverpool Philharmonic e Los Angeles Philharmonic. Ten ofrecido recitais por toda Europa, EEUU, Xapón e Sudamérica; e concertos con orquestra como o Ensemble Orchestral de Paris, Orquesta Simón Bolívar de Venezuela, Orquesta de Santiago de Chile, Orchester des Theater für Niedersachsen Hannover ou Los Angeles Chamber Orchestra.

En España presentouse coa Orquesta de Córdoba, Filarmónica de Málaga, Orquesta de la Comunitat Valenciana e coa JONDE. Vindeiros compromisos inclúen a Sinfónica de Navarra, Sinfónica do Principado de Asturias ou o seu regreso á Filarmónica de Málaga. Os seus recitais e concertos levárona a salas como a Philharmonie de Berlín, Tonhalle de Zürich, Royal Albert Hall de Londres, Théâtre du Châtelet de París, ou Carnegie Hall de Nova York. Destacan tamén as súa participacións no Festival Internacional de Río de Janeiro, Festival Música Sur, Fundación Juan March ou os seus concertos na Alhambra de Granada no Palacio Real diante dos Reis de España no acto de conmemoración do 60º aniversario de España na ONU, retransmitido en directo internacionalmente.

Entre as súas gravacións destacan o seu CD Obras para arpa, con 11 estreas de compositoras españolas; Voyage, en NAXOS, con obras de Bach, Sancan e Prokofienev; ou o máis recente, para o selo español IBS Classical que inclúe o *Concerto para arpa Pour le jour de l'an*, co Ensemble de ventos Mioonwinds, dirixido por Joan Enric Lluna, ou a *Partita op. 80* para arpa sola, ambas de Salvador Bacarisse.

Montes naceu en Sevilla, onde comezou os seus estudos. Perfeccionounos en Londres, e na Akademie da Staatskapelle de Berlín, baixo a dirección do Mestre D. Barenboim. Desde 2013, é Catedrática de Arpa no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia, e ofrece clases maxistras no Berklee College of Music, Birmingham Conservatoire, ou Hochschule für Musik und Tanz Köln. Cristina Montes Mateo, habitualmente, toca nun arpa de Gran Concierto Lyon and Healy, modelo Salzedo.